


## Proba de ventilación da aula T1 (medidor 2) o 27 de maio de 2021

A proba de ventilación procura una forma alternativa de ventilación que evite as perdas de calor que se producen sobre todo no inverno por ter durante todo o día abertas as ventás. A aula escollida para facer as probas é un espazo do departamento de electrónica cunha altura duns 3,5m. Ubícase nunha segunda planta dun edificio histórico. O acceso se practica polo oco das escaleiras. O taller ten unha orientación ao sur. A superficie é duns 50 m<sup>2</sup>. As dimensións son de 6m de ancho por 8 m de largo. A distribución da aula é a que se indica no plano.




Detalle das ventás da fachada sur



Detalle da ventá pequena empregada para ventilar



Detalle da porta de acceso ao taller



A proba de ventilación pretende determinar que efecto produce un ventilador doméstico colocado en distintos puntos. No tempo pasou o seguinte:

-Ás 7:00 a compañeira encargada da limpeza da aula abre tódalas ventás.

-Ás 8:30 o profesor chega a aula e pecha tódalas ventás e a porta para que se incremente a concentración de CO2.

-Ás 9:30 chegan os alumnos e se incrementa a concentración aínda mais en pouco tempo.

-Ás 9:45, cando a concentración de CO2 sube por riba dos 800pm, colócase o ventilador na porta, no solo. Durante o tempo que está na porta non se aprecia unha diminución da concentración.

-Ás 11:00 ábrese a venta pequena do fondo da aula e se coloca o ventilador nela. Nesta ocasión se observa una diminución significativa da concentración.

-Neste punto decídese ver se a aula ventila sen necesidade do ventilador. Ás 11:30 se pechan de novo portas e ventas. A concentración volve a aumentar.

-Ás 13:00 ábrese a venta. A partir de ese momento deixase aberta ata ao final das aulas. Se observa que a diminución de concentración é parecida a do uso do ventilador. Se cadra baixa aínda mais porque se deixa mais tempo aberta a ventá.

Hai que aclarar que o ventilador se coloca simplemente no paso dos ocos da porta e ventá pero en ningún caso se axusta ao oco para evitar que o caudal de aire que extrae volva a entrar de novo na aula. Decídese logo facer novamente a proba pero neste caso axustando o ventilador ao oco da ventá.